

**COMISIÓN ESTUDO DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS
LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

ACTA Nº3

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente:
Manuel Fernández Jauregui
Xefe do Servizo de PAS:
José M. Fernández Viña

Redacción de actas:
Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS

Comité de Empresa Ourense
Rodrigo Alverte Pividia (CIG)
José Manuel García Eirín (CIG)

Comité de Empresa Pontevedra
Marcos Estévez Orge (CCOO)
Manuel Marcos García (CCOO)
Carlos Mollinedo Lois (CIG)
Luciano Otero Camiña (CIG)
Angel Torreiro Varela (UGT)

Asesores sindicais
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)
Federico Fernández Fernández (CIG)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral indicados, previa a correspondente convocatoria, reuníronse ás 10:30 horas do 1 de decembro 2015 no Edificio da Xerencia, de acordo coa seguinte


ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión do 4 de novembro de 2015.
2. Negociación da funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.

Cuestións previas:

Marcos Estévez indica que os representantes de CCOO asisten a esta reunión para apoiar o documento de funcionarización presentado polo Comité de Empresa de Pontevedra (CEP), pero dado que están inmersos na campaña de eleccións ao mesmo só acuden a escutar, non a negociar nin acordar.

Carlos Mollinedo afirma que non veñen a tomar acordos, agás que se acordase a proposta presentada polo CEP, que tamén se enviou ao Comité de Empresa de Ourense (CEO) sen recibir resposta. Nesta reunión pódese presentar o documento e dialogar sobre de funcionarización do CEP pero será o vindeiro Comité de Empresa o que peche o acordo.



O Xerente indica que entende as circunstancias pero que con independencia diso, e como xa dixo na reunión anterior, esperaba e segue esperando que os comités presenten a súa proposta o mesmo que fixo hai meses a Xerencia. Agradece a proposta enviada polo CEP estimando que non se debe retrasar o traballo, coincidindo en que analizala, sen chegar neste intre a acordos, co que se estaría de acordo en modificar o enunciado do 2º punto da orde do día desta reunión.

1. Lectura e aprobación da acta da reunión do 4 de novembro de 2015.

Apróbase por unanimidade.

2. Proposta de funcionarización do PAS laboral presentada polo Comité de Empresa de Pontevedra.

Carlos Mollinedo expresa que llo enviou ao CEO e non recibiu resposta, descoñecendo se queren manifestala nesta reunión.

Rodrigo Alverte responde que veñen a escutar.

O Xerente comeza a lectura do documento mencionando que se propoñen uns niveis mínimos que non se axustan aos fixados pola normativa da Xunta de Galicia nin do Estado, sendo esta unha materia fora da competencia da Universidade, polo que pregunta cal é a base legal na que o fundamentan.

Carlos Mollinedo indica que se basea nos Estatutos da UVI e na autonomía universitaria. E tamén figura algo similar no acordo de funcionarización da U. da Coruña (UdC).


Angel Torreiro expresa que o Consello de Goberno aprobou hai moito tempo os niveis mínimos para o PAS funcionario, polo que estima que ese órgano ten a competencia.

O Xerente indica que o mesmo que se lle pediu á Xerencia que explicase os motivos e os fundamentos da súa proposta, agora correspónelle a el solicitar en relación á proposta do CEP a súa base técnica e legal. O acordo da UdC non pode servir de momento de base legal porque os procesos de acceso e promoción que prevé non están autorizados pola Xunta de Galicia, aínda non se lle remitiron. Quizá axuden a contextualizar e entender ese acordo feitos como que a UdC está en período de eleccións a Reitor.

Federico Fernández mantén que os Estatutos recoñecen a autonomía para que deamos nosos propios pasos e acordos, logo se sometan ao Consello de Goberno e despois á autorización da Xunta de Galicia.

O Xerente indica que o documento do CEP non xustifica este punto nin técnica nin legalmente. Por outra parte, explica que todos coñecen que existe un límite de masa salarial e que na proposta xerencial de RPT se fai un esforzo para consolidar o emprego, mentres que o proceso de funcionarización non pode ter como finalidade obter melloras retributivas, senón mellorar a seguridade, o réxime do persoal.

En canto ao apartado de acceso, o documento refírese á situación de excedencia pero non concreta os supostos, solicitando aclaración sobre este punto.



2

Universidade de Vigo

Pablo Álvarez contesta que se refiren a todos os tipos de excedencia.

O Xerente indica que convén especificalo mellor. No relativo ao requisito da titulación, comenta que o documento cita o Estatuto básico do empregado público (EBEP) cando o que resulta directamente aplicable é a Lei de emprego público de Galicia (LEPG); en todo caso, ambas leis esixen para acceder a cada grupo e subgrupo acreditar unha titulación determinada, e por iso estima que deben indicar a norma en que se basean para propor eximir de titulación substituíndo-a por un período de antigüidade. A autonomía universitaria existe como tamén existe o sometemento ao derecho.

Carlos Mollinedo sostén que nesta mesa se pode negociar dar ao persoal as mesmas facilidades que se tiveron noutras administracións; que se despois a Xunta pon trabas, que non as poña antes a Xerencia.

O Xerente manifesta que lle corresponde preocuparse polo respecto estrito das normas; ademais, os mesmos membros desta mesa son os primeiros en esixir que se cumpran as normas, e mesmo en reclamalo perante os tribunais, como todos son coñecedores. Hai que se conscientes de que existen circunstancias que son posibles nun momento histórico, cunha regulación determinada, que co tempo mudan, porque tanto o marco laboral como o legal non son os mesmos. A funcionarización require cumplir requisitos, entre eles o da titulación. Todo o persoal ten que estar seguro de que coa funcionarización non van perder dereitos retributivos, pero este proceso conleva vantaxes e desvantaxes.

Carlos Mollinedo indica que esta forma a funcionarización lle quitaría dereitos de promoción ao persoal laboral.

O Xerente indica que no réxime funcional o persoal non pode ingresar no subgrupo A2 sen ter a titulación requirida, aínda que ese persoal estea agora encadrado no grupo II de acordo co Convenio colectivo; as regras dos réximes laboral e funcional son distintas, o segundo é moito máis estrito e todos debemos telo claro.

Carlos Mollinedo expresa que se o acordo que saia desta negociación é aprobado polo Consello de Goberno debería ser a Xunta de Galicia a que lle puxera freo.

O Xerente indica que non pode asinar acordos ilegais á espera de que outras administracións os deneguen e llo lembren. Continúa coa lectura do documento requirindo explicación sobre o apartado de *Adscrición aos postos funcionalizados e a asignación de complementos*.

Carlos Mollinedo sinala que se deriva do acordo de responsabilidade e dirección; aínda que haxa niveis mínimos logo habería complementos para reflectir as retribucións.

O Xerente pregunta se están a propoñer a existencia dunha comisión de selección única para todos os procesos.

Federico Fernández indica que se refiren a unha Comisión de Seguimento do proceso no seu conxunto, non de selección.

O Xerente considera pouco acertado falar de "repesca"; a intención da Xerencia é a funcionarización de todo o persoal, ofrecendo suficientes oportunidades a todos.

Sobre o programa considera que debe ser a Xerencia quen o elabore, informando á Comisión de Seguimento, e non a de Formación á que lle corresponden outros cometidos.

Universidade de Vigo

Débese elaborar un procedemento serio, ben estruturado, no que non se esixan coñecementos que non resulten necesarios.

Haberá unha única RPT do PAS, quen non se funcinariice permanecerá como PAS laboral ocupando a extinguir postos de PAS funcionario e sénolle de aplicación o marco normativo funcional.

Sobre o apartado de retribucións indica que no réxime funcional non hai posibilidade de negociación, as liñas están marcadas polo EBEP e a LEPG, pero se garante que ningúen vai a perder a situación salarial que teña neste intre; o que haberá é que adaptar unha estrutura á outra.

Carlos Mollinedo indica que pretenden garantir que o que agora se percibe por antigüidade aprobado polo C. de Goberno, se siga percibindo.

O Xerente manifesta que como sostén o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ningún acordo ten natureza de permanencia. Non se cuestionan os importes, que se respectarán, pero os conceptos teñen que ser os que establece a lei. O compromiso da Xerencia é garantir as retribucións, a estrutura e as denominacións son as que ditan as leis.

Pregunta a continuación se teñen algunha proposta sobre o número de membros que debería ter a Comisión Mixta do proceso de funcionalización.

Carlos Mollinedo responde que estarían todos os sindicatos con representación nos C. de Empresa e na Xunta do PAS funcionario.

O Xerente pregunta se decidiron como reflectir os intereses territoriais, os sindicatos que non teñan representación nalgúns deses órganos e se propoñen algo máis concreto sobre o número, do tipo dunha composición 3-3-3.

Carlos Mollinedo opina que como mínimo deberían estar todos os sindicatos que se presentan ás eleccións en Pontevedra e loxicamente tamén do Comité de Ourense.

Marcos Estévez indica que debería fixarse entre todos.

Manuel Marcos é partidario de acordalo despois das eleccións.

José M. García Eirín propón 6-6-6.

Rodrigo Alverte propón 4-4-4, porque logo se incrementaría cos asesores.

O Xerente considera que como punto de partida podería haber 1 por sindicato, con proporcionalidade territorial; o acordo habería que trasladarilo á Xunta do PAS funcional.

Carlos Mollinedo resume que existen varias premisas de acordo, pero que discrepan no relativo á titulación e niveis mínimos, e que o primeiro vén xa de vello.

Os Xerente reitera o seu agradecemento polo documento presentado polo CEP, indicando que se contactará coa Xunta do PAS funcional, coa idea de constituír a Comisión Mixta en xaneiro.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 11:45 horas.